

O Concello de Boborás organizará o sábado 29 de xuño de 2019 Trail Nocturno de Boborás. A proba entra dentro da especialidade atlética do Trail-Running e estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

A proba rexirase polo seguinte:

REGLAMENTO

Artigo 1. HORARIOS, LUGAR DE SAÍDA e META

O Trail Nocturno de Boborás terá os seguintes horarios e lugares de saída/meta:

HORA	PROBA	DISTANCIA	SAIDA	META
22:00 h	TRAIL NOCTURNO	16,1 km aprox.	Ponte da Cruz (Pazos de Arenteiro)	Polideportivo Municipal de Boborás (Pista Polideportiva)

Os participantes no **TRAIL NOCTURNO** serán trasladados en autobús desde a zona ubicada a carón do polideportivo municipal do Concello de Boborás ate o punto de **SAÍDA** ubicado na parte inferior da Ponte da Cruz a partir das 20:30 horas.

Artigo 2. CATEGORIAS e IDADE MINIMA DE PARTICIPACION

TRAIL

CATEGORIAS INDIVIDUAIS PARA O TRAIL

CATEGORIA	DATAS DE NACEMENTO
SENIOR MASC/FMNO	De 18 anos cumpridos o día da proba ate máster
MASTER 1 MASC/ FMNO	Nados entre 1979 e 1984
MASTER 2 MASC/ FMNO	Nados entre 1970 e 1978
MASTER 3 MASC/ FMNO	Nados en 1969 e anteriores
ABSOLUTA MASC/FMNO	Calquera das categorías anteriores

Artigo 3. PARTICIPACIÓN E SEGURO/LICENZA DE DÍA

Nesta proba poderá participar calquer deportista sexa ou non federado. Todos os participantes tanto no Trail como na Andaina inscritos no prazo preciso correrán cunha licenza de día de

Trail Running que incluíra un seguro de accidentes deportivos e de responsabilidade civil. As probas estarán federadas no deporte de atletismo na especialidade de **TRAIL RUNNING**, polo cal os deportistas federados polo deporte do atletismo estarán cubertos polo seguro da súa correspondente licenza. Para o resto de participantes suscribírase un seguro licenza de día.

Artigo 4. DISTANCIA E DESNIVEL

- ❖ **DISTANCIAS:**
Trail: 16,10 km aprox.
- ❖ **DESNIVEL POSITIVO:**
Trail: 735 m aprox.
- ❖ **DESNIVEL ACUMULADO:**
Trail: 1115 m aprox.

Artigo 5. INSCRICIÓN. PREZO E PRAZOS

- ❖ **APERTURA DE INSCRICIONS:** mércores 12 de xuño ás 10.00 h
- ❖ **PECHE DE INSCRICIONS:** xoves 27 de xuño ás 23.59 h
- ❖ **PREZO DA INSCRICION:** 11 €

Artigo 6. RECOLLIDA DE DORSAIS

Os dorsais poderán recollese a partir das 19.30 horas no polideportivo municipal de Boborás (pista polideportiva (no caso de choiva no interior do polideportivo municipal)).

Artigo 7. TRANSPORTE EN AUTOBÚS AO PUNTO DE SAIDA DO TRAIL

Os participantes serán trasladados desde o polideportivo municipal de Boborás (lugar de meta) ata as inmediacións da Ponte da Cruz do seguinte xeito:

PROBA	HORA DE SAÍDA DOS AUTOBUSES	LUGAR DE SAÍDA DOS AUTOBUSES e DIRECCIÓN
TRAIL	A partir das 20.30 horas	Polideportivo Municipal de Boborás en dirección a Pazos de Arenteiro

Artigo 8. PREMIOS e AGASALLOS

Estableceranse os seguintes premios e agasallos:

- Premios aos 3 primeiros/as clasificados de cada categoría establecida no presente reglamento.
 - Premios aos 3 primeiros clubs da clasificación do Trail.
 - **AGASALLO TÉCNICO** pola participación no Trail; poderán recollelo xunto o dorsal de competición antes de coller os autobuses.
-

A entrega de premios realizarase a partir das 23:00 horas nas inmediacións do polideportivo municipal do Concello de Boborás ou en caso de choiva, no interior do mesmo.

PREMIOS ECONÓMICOS PARA EQUIPOS

EQUIPOS	EQUIPOS MIXTOS	IMPORTE PREMIO
TRAIL	1º EQUIPO CLASIFICADO	125,00 €
	2º EQUIPO CLASIFICADO	100,00 €
	3º EQUIPO CLASIFICADO	75,00 €
	4º EQUIPO CLASIFICADO	60,00 €

- **PREMIOS ESPECIAIS A EQUIPOS / CLUBES:** Darase trofeo aos 3 primeiros equipos tanto federados como populares (deberán inscribirse coa mesma denominación e igual indumentaria) e premio en metálico aos 4 primeiros clubs da clasificación do Trail.

Para elo tomarase como referencia os 6 primeiros clasificados/as de cada equipo, a suma dos seus postos (no caso de empate tomarase como referencia o 6º/ª mellor clasificado/a do equipo. Os equipos poderán ser mixtos.

Artigo 8. TRACK DA RUTA:

 TRAIL: PROXIMAMENTE

Artigo 9. MATERIAL OBRIGATORIO

Será obrigatorio o **USO DE LUZ FRONTAL E TELÉFONO MÓVIL CON BATERÍA CARGADA**. Establecerase un control de saída para revisar este material. Ninguén poderá participar sen este material obrigatorio.

Recoméndase ademáis levar hidratación propia, inda que non será obrigatorio pois a organización estaablecerá un punto de avituallamento intermedio e outro en meta.

Artigo 10. SERVIZO DE DUCHAS

Haberá servizo de duchas no polideportivo municipal de Boborás.

Artigo 11. AVITUALLAMENTOS

Haberá 2 puntos de avituallamento no Trail como na Andaina (1 no percorrido, e 1 na meta). Recomendable levar avituallamento propio ou mochila de hidratación:

 AVITUALLAMENTO 1: LÍQUIDO e SOLIDO KM 8 APROX.

 AVITUALLAMENTO META: LÍQUIDO E SÓLIDO META

Artigo 12. CONSIDERACIÓN FINAL

Esta proba pertence ao calendario oficial de probas da Federación Galega de Atletismo. As reclamación aos resultados oficiais realizaranse ao Xuíz Árbitro da Competición non máis tarde de 30' despois da publicación dos mesmos.

Todo o non recollido no presente reglamento rexirase polas normas da FGA, RFEA e IAAF para probas de Trail Running.

RESPONSABILIDADE

A organización non se fará responsable dos danos que puidesen causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias destes. Igualmente, o participante declara, baixo a súa responsabilidade, terse realizado o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización da devandita responsabilidade. A organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

LOPD

Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxen nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet oficiais.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de Trail running. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow13- 15008 A Coruña.